

# CauSaL'14

## encontros con compositores

ORGANIZA:

CSM de A Coruña / Vertixe Sonora Ensemble

**SANTIAGO QUINTÁNS (Vigo, 1975)**



**Venres 12 de Decembro de 2014**

**10h | Novas experiencias do fenómeno sonoro**

**11h | Sept Fragments** para piano e electrónica  
Alumnos do Aula de Música Contemporánea

**11.30h | BRUSHES\***

Ensaio aberto da súa nova obra para Vertixe Sonora Ensemble  
Pablo Coello *saxofón barítono* / Rubén Barros *guitarra eléctrica*

\* Encargo de Vertixe Sonora Ensemble para o ciclo Música e Arte do CGAC

**Santiago Quintáns.** Vigo, 1975

[www.babelscores.com/es/santiagoquintans](http://www.babelscores.com/es/santiagoquintans)

Instálase nos Estados Unidos en 1995. Alí estuda guitarra Jazz e composición na Universidade de Miami e comeza unha carreira internacional acompañando a Kenny Wheeler e Maria Schneider, entre outros. A súa interese pola música moderna impúlsale a viaxar París en 2003 onde participa como compositor e intérprete en estreas de contemporánea ("Seven" de Peter Eötvös, co director Mark Foster). Desde 2006 realiza un traballo de investigación sobre a guitarra eléctrica amplamente divulgado en conferencias e artigos para revistas de musicoloxía (Appareil, JIM, Espacio Sonoro). Plenamente integrado na paisaxe musical francesa, o Conservatorio de Le Mans invítalle a dirixir o seu programa de Jazz e Musicas improvisadas en 2008. Actualmente dirixe varios proxectos (collectivo ARK, TipTrick Extended, Manifiesto) nos que participan músicos como Matthieu Donarier ou Stéphane Kerecki e é guitarrista do Ensemble Offrandes. En 2015 estrenará unha nova peza/performance para orquestra de guitarras eléctricas no Festival Europa d'Jazz de Le Mans.

Explorando as fronteiras entre composición, improvisación e música experimental, Santiago Quintans investiga as posibilidades da música moderna cunha mirada curiosa e inquieta. Fiel á guitarra eléctrica (proxecto ARK, para guitarra e Max/MSP), pero cunha visión precisa de compositor, Santiago sintetiza tradición e modernidade en arriscados proxectos nos que non faltan nen sensualidade nen enerxía. As súas composicións para grupos de música contemporánea (Densité 93, Offrandes), compañías de danza (Babel) ou grupos de Jazz, suxiren unha nova experiencia do fenómeno sonoro: a música como escultura en movemento, a escoita como xesto táctil e o espazo sonoro como zona de xogos aberta á improvisación.